

BACHARELATO PARA PERSOAS ADULTAS – INFORMACIÓN BÁSICA (CURSO 2024-2025)

Modalidade: semipresencial

- **Semanalmente:** 1 hora de titoría lectiva de cada materia.
- **Quincenalmente:** 1 hora de titoría orientativa de cada materia.

Requisitos de idade

- Ter 18 anos ou cumprilos antes do 31 de decembro de 2024.
- Ter máis de 16 anos ou cumprilos antes do 31 de decembro de 2024 e ter un contrato laboral ou ser deportista de alto nivel.

Horario

De luns a xoves, entre as 18:20 e as 21:40 h.

Prazo de matrícula

- Do 1 ao 20 de setembro.
- En circunstancias excepcionais, pódense admitir matrículas fóra de prazo.

Inicio das clases

- 11 de setembro.

Requisitos académicos

Para 1º BACEPA

- Ter título da ESO.
- Ter título de FP de Grao Medio ou de Grao Superior.
- Ter título de artes plásticas e deseño de grao medio ou superior.
- Ter título de técnica/o deportiva/o superior de réxime especial.
- Ter aprobado 2º de BUP ou ter pendentes, como máximo, dúas materias.
- Ter título de técnico auxiliar de primeiro grao.
- Ter superados os cursos comúns dos estudos de artes aplicadas e oficio artísticos.
- Ter superado o 1º ciclo de REM.

Para 2º BACEPA

- Ter superado 1º de bacharelato ordinario.
- Ter superado 3º de BUP.
- Ter superado 2º de FP de segundo grao (réxime xeral).
- Ter superado 3º de FP de segundo grao (ensinanzas especializadas).
- Ter superada a segunda especialidade ou título de graduado en artes aplicadas e oficios artísticos.

Contidos

- Os mesmos que no bacharelato diurno.
- O alumnado maior de 25 anos, ou que os cumpra no curso 2024-25, pode solicitar a exención da materia de Educación Física.
- O alumnado pode matricularse do curso completo ou de materias soltas. Se as materias soltas pertencen a cursos distintos, deberá ter en conta a compatibilidade horaria e que non se superen os 32 períodos lectivos semanais, así como a necesidade de matrícula na materia de 1º curso cando non se cursase con anterioridade e se queira matricular nunha de 2º curso que sexa continuidade dunha de 1º.

Outras observacións

- O alumnado dispón de seis convocatorias (anos) para completar os dous cursos.
- En cada convocatoria consérvase o aprobado das materias superadas con anterioridade, tanto se se aprobaron na modalidade ordinaria coma na de adultos.
- É posible a matrícula simultánea coa modalidade a distancia telemática do IES San Clemente cando se desexe cursar algunha materia que non se imparta neste centro.

Condicións de titulación no Bacharelato: Ademais do alumnado que supere tódalas materias, poderá obter o título de bacharel o alumnado que, superando tódalas materias agás unha, cumpra os seguintes requisitos:

- Que o equipo docente considere que este alumnado alcanzou as competencias clave e os obxectivos vinculados a este título.
- Que non se produciu un abandono da materia.
- Que o alumnado se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
- Que a media aritmética das cualificacións obtidas nas materias sexa igual ou superior a cinco, contando para este cálculo a nota da materia non superada.